



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA DOCE DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/000015

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e trinta minutos do día doce de maio de dous mil vinte e dous, reúnense en primeira convocatoria baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, os concelleiros da Xunta de Goberno Local: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez e dona Jessica Sabín Fernández. Non asistn, excusando a asistencia, don Alejandro Antonio García Sousa; para os efectos de celebrar a sesión ordinaria correspondente e convocada para este día. Actúa coma secretaria a que o é da Corporación, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2022/13.-

A secretaria presenta as facturas a aprobar, a proposta de acordo con respecto a este punto que de seguido se transcribe e o informe de intervención, documentos que constan asinados no correspondente expediente.

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/13 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 6 facturas ascende á cantidade de CORENTA E CATRO MIL SEISCENTOS CINCUENTA EUROS CON SETENTA E DOUS CÉNTIMOS (44.650,72 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/13 así como AUTORIZAR o correspondente pagamento por importe bruto de 44.650,72 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde: Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

2º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA: “PROXECTO COMPLETO DE EDIFICACIÓN DE VESTIARIOS PARA O CAMPO DE FÚTBOL DE MOURENTE”.-

EXPEDIENTE Nº: 2022/X999/000047

PROCEDEMENTO: OMISIÓN DA FUNCIÓN INTERVENTORA 1/2022

PROPOSTA DE ACORDO DA XGL:

“Resultando que por parte da Intervención Municipal emitíuse informe de omisión da fiscalización previa preceptiva nº 1/2022 (EMP 41/2022) con data 10/05/2022 en cumprimento do que dispón o artigo 28 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI- relativo ao gasto seguinte:

Órgano xestor	Exercicio	Aplicación	Terceiro	Importe
Alcaldía	2022	342-60900	Eulogio Viñal Obras y Construcciones S.A.	10.008,20
Obxecto do gasto	Data de realización	Natureza Xurídica		
Certif. Nº 1 “Proxecto completo de edificación de vestiario para o CF Municipal de Mourente	Dta certif. 31/03/2022	Contrato de obra		

Resultando que o informe emitido pola Interventora remitiuse ao Órgano Xestor dos Gastos, que informou en data 10/05/2022 o seguinte

“(…)

• PRIMEIRO.- En data 10/05/2022, instouse a este Servizo o inicio de expediente de omisión da función interventora nº 1/2022.

• SEGUNDA.- Tal e como consta no comunicación de Omisión da Función Interventora remitido a este Servizo, sobre a aprobación da Certificación nº 1 contrato de obras “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o CF municipal de Mourente” (e a correspondente factura núm. 220057 de 31/03/2022), do que deriva que na adxudicación do contrato non se efectuou o preceptivo e previo trámite de fiscalización e intervención previa.

Non obstante, este Servizo sí tivo constancia da Certificación nº 1 contrato de obras “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o CF municipal de Mourente” e sí constatou:

- a prestación referida da que deriva esta obriga de pago e que o prezo se axusta ao de mercado xa que os prezos unitarios da factura e certificación de obra coinciden cos establecidos no proxecto aprobado por Decreto de Alcaldía de data 27/04/2020 e incorporado ao expediente de contratación núm. 2020/C003/000005. Polo tanto, a xuízo de quen subscribe, procede aprobar a Certificación nº 1 contrato de obras “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o CF municipal de Mourente” (e a correspondente factura núm. 220057 de 31/03/2022).

• TERCEIRA.- A vista de dito informe de Intervención, este servizo ten a ben indicar o seguinte respecto a omisión do trámite referido:

- Seguiuise o procedemento de contratación previsto Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no prego de cláusulas administrativas particulares aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local en data 01/10/2020. - O contratista que resultou adxudicatario presentou a documentación requirida pola XGL en data 04/03/2021 en prazo no prazo de 10 días hábiles (notificación recibida o 08/03/2021 polo contratista e documentación presenta por RE o 16/03/2021. - O contrato foi adxudicado por acordo da Xunta de Goberno Local en data 08/04/2021. - Prazo de execución: procedeuse a ampliación do mesmo por acordo da Xunta de Goberno local de 04/11/2022.

• CUARTA.- Este servizo non considera oportuno facer novas observacións o referido informe de Omisión da Función Interventora.

(...)”

Resultando que o Informe da Interventora expresamente dispón que se o Órgano Xestor manifesta que as prestacións se axustan ao prezo de mercado non é necesario instar a revisión do acto, sendo suficiente que a Xunta de Goberno Local resolva sobre a aprobación da obriga polo importe do gasto.

Considerando que a non aprobación da certificación nº 1 do contrato de obras “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o CF municipal de Mourente” de data 31/03/2022 así como o impago da correspondente factura núm. 220057 de 31/03/2022, produciría un trastorno grave na actividade municipal que prexudicaría enormemente os intereses xerais do municipio, dado que se podería considerar que se produciría un enriquecemento inxusto da Administración, e en caso de non proceder ao pagamento do gasto indicado, con toda seguridade o perxudicado dirixiríase aos tribunais cumprindo cos criterios que a xurisprudencia esixe para o enriquecemento inxusto. A condena ao pagamento a cargo do Concello incluíría ademáis as custas procesais e os xuros de demora.

Dado que se constatou a realización da obra mediante a certificación nº 1 asinada polo Director de obra , e que o prezo se axusta ao de mercado.

E comprobouse a existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente para satisfacer o importe do gasto. Consta documento contable AD nº 220220003448 por importe de 109.377,94 euros, aplicación orzamentaria 342-60900.

Considerando que o artigo 28.2 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local – RCI-, atribúe ao Alcalde a competencia para adoptar a resolución procedente. Polo que se expuxo,

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 1 “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o campo de fútbol municipal de Mourente” do Concello de Valdoviño e a correspondente factura número 220057 de data 31/03/2022 con número de rexistro contable F/2022/754, emitida por Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S. A. e presentada no rexistro electrónico de facturas en data 1 de abril de 2022 por importe de 10.008,20 euros.

SEGUNDO.- Ordear o pago do gasto mencionado no punto anterior, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente. Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 correspondente a obra “Proxecto completo de edificación de vestiarios para o campo de fútbol municipal de Mourente” deberán descontárselle 246,77 euros pola dirección e inspección de obra e 82,26 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

TERCEIRO.- Trasladar o presente acordo ao Órgano Xestor, á Intervención, á Tesourería Municipal para o seu coñecemento e efectos oportunos, e o Pleno na primeira sesión que se celebre.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Asdo.- Alberto González Fernández Alcalde do Concello de Valdoviño.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede

3º.- PROPOSTA DE SERVICIOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2022”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN 2022”

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, sabendo a necesidade de desenvolver o programa “Concilia Tempos Verán” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o período vacacional de verán vista a retención de crédito practicada polos servizos económicos do Concello e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

INFORME DE NECESIDADE PARA A CONTRATACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA TEMPOS VERÁN” (2022)

1. ANTECEDENTES

O programa Concilia Verán leva funcionando dende o ano 2012, sempre con boa participación e satisfacción por parte das familias usuarias. É un recurso para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral cunha metodoloxía lúdica- coeducativa, que pretende ofrecer

un espazo seguro, agradable e educativo para nenos e nenas entre 3 e 12 anos durante os meses de verán.

2. CONTEXTUALIZACIÓN

As prazas cubríronse durante os anos que se leva desenvolvendo o Programa, o que pon de manifesto a necesidade que existe de ter un recurso de conciliación neste período vacacional. Trala experiencia de anos anteriores e atendendo ao aumento da demanda, é preciso desenvolver o programa en dous espazos diferenciados, en función da idade e das diferentes necesidades que teñen. Os espazos serán a antiga escola de Aviño e a asociación veciñal de Pantín.

O número de prazas que se oferta inicialmente é de 20 para a franxa 4-6 anos e de 24 para a franxa 7-12 anos. É probable que sexa máis a demanda do grupo de maiores, tendo que aumentar noutra persoa monitora, como pasou os anos anteriores.

O programa realizarase durante os meses de xullo e agosto, entre as 8:30 e as 14:00 horas.

3. OBXECTIVO

Ofrecer un espazo durante as vacacións de verán (xullo e agosto), mediante a contratación dunha empresa externa especializada no sector lúdico-coeducativo, con experiencia no traballo con infancia.

4. PROCEDIMIENTO

A pesares de ser un servizo municipal, é imposible realizar o obxecto do contrato por medios propios, debido ás especificacións do persoal, ás funcións propias do proxecto e ao cadro de persoal existente agora mesmo en Servizos sociais e Educación.

O procedemento de contratación rexerese pola modalidade de contrato menor, como opción excepcional dos procedementos administrativos. Para isto, procederase a facer unha invitación xeral a varias empresas do sector para a presentación de ofertas, establecendo un prazo máximo de entrega no Rexistro Municipal. CVD: CgvtGtbYrnzjxRGP9Im Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. 2 A selección de empresas para a invitación será atendendo á especialización no ámbito educativo infantil.

5. ORZAMENTO

O ano anterior destináronse 16500 euros para levar a cabo o servizo. Estimando que as necesidades van ser semellantes, pode valorarse un gasto aproximado de 17000 euros para este ano, á espera de valorar as propostas presentadas. Ademais de ser un concepto anual fixo xa previsible no gasto municipal, solicítase unha subvención anual á Secretaría de Igualdade da Xunta de Galicia para o desenvolvemento do servizo municipal de conciliación, o cal cubre unha parte importante do gasto.

Considerando o anterior, INFORMO da necesidade de iniciar o procedemento administrativo de contrato menor para a contratación do Programa Concilia Tempos durante os meses de xullo e agosto de 2022, a través da xestión dunha empresa externa.

Valdoviño, 29 de abril de 2022
Iria García Martínez Educadora social

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar o procedemento para a contratación do programa “Concilia Tempos Verán 2022” cunha estimación de gasto de 17000 euros, condicionado o dito importe ao resultado da valoración das propostas presentadas.

Alberto González Fernández
O alcalde”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes á sesión, acordou aprobar a proposta de Alcaldía que antecede.

PARTE ACTIVIDADE

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e quince minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado electrónicamente á marxe pola secretaria municipal e polo alcalde/